

RECEPCIÓN DO PREMIO PEÑA NOVO A NEG

Castelo de Soutomaior, 30 de xuño de 2022

Boa tarde.

Á Fundación Lois Peña Novo, parabéns e grazas por manter esta iniciativa en apoio da nosa lingua.

Ó xurado que nos outorgou este premio este ano, o noso agradecemento por reparar en nós.

A María Luísa Castro e a Rodrigo Romaní, premiados tamén nesta ocasión, os nosos parabéns.

Compañeiras e compañeiros de Nova Escola Galega.

Señoras e señores.

Nós somos unha asociación maiormente de educadoras e educadores que imos facer corenta anos este ano que vén. E algunhas e algúns de nós lembramos ese nacemento —produto da conxunción doutros grupos ó longo de toda a nosa terra— case como se fose hoxe. E recordamos —como non podía ser doutro xeito— que dende o minuto un ata o día de hoxe non paramos por acadarmos unha normalización da nosa lingua. No ámbito da educación, pero tamén noutros. Foron corenta anos nos que o noso idioma ocupou intensivamente as nosas cabezas, as nosas accións e preocupou os nosos corazóns. Non sei se conseguimos moito ou non, pero estamos seguras e seguros de que foi *sementeira*.

E precisamente parecemos estar en tempos semellantes ós que citaba Cuevillas —“*Nos tempos que han de vir veredes devecer aínda máis a nosa cultura, perder terreos a nosa lingua...*”—. Cando parecía que se estaban poñendo certos alicerces para a normalización —tamén no eido da educación—, tocounos un “decretazo” chamado de plurilingüismo que veu facer retroceder moitos dos camiños andados ou empezados.

E non sería porque non houbo advertencias —tamén nosas— do perigo en que se poñía ese camiño da normalización con aquelas medidas antigalegas. Non hai máis ca observa-los datos que nos fornecen dende estudos —por certo, sen avaliación nin medidas

correctoras por parte da Administración— e que nós tamén podemos comprobar no día a día, para nos decatarmos de que o asunto vai mal e de que camiñamos cara a unha minoración da nosa lingua na nosa terra, que presenta sinais de febleza e ameaza de desaparición.

Pero mirade, é que somos herdeiros e herdeiras de moitas xeracións, de moitos séculos de historia da nosa nación; depositarios e depositarias dunha lingua que foi construída e usada polos nosos devanceiros, un auténtico tesouro... *Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma*, Castelao dixit. E canta razón tiña.

Pero mirade, é que non podemos ser a xeración que permita a perda do noso sinal de identidade máis sobranceiro. Negámonos radicalmente a que iso suceda e de xeito igualmente radical manifestámo-la nosa firme decisión de loitar ata onde as forzas cheguen para que, se non podemos velo nós, as xeracións futuras, a infancia e a mocidade de hoxe, poidan ve-la nosa lingua como a lingua normal de comunicación deste noso pobo.

Por iso, pola ausencia de políticas públicas que nos protexan e deixen de dirixirse “*cara a unha nova fase da eutanasia*”, por iso son tanto de agradecer estas iniciativas civís en prol da lingua. E aínda que “*o conto é triste*”, non podemos deixarnos levar por un pesimismo que nos inmovilice. Por iso dispoñémonos emocionadas e dispostas como hai corenta anos, ou con máis azos aínda, a seguirmos facendo sementeira.

En nome de Nova Escola Galega, moitas grazas, de corazón.